

# CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

## CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

<i>Código</i>	<i>Nat</i>	<i>Ud</i>	<i>Resumen</i>	<i>Prezo por partida</i>
<b>D</b>	<b>Capítulo</b>	<b>DESCOMPOSTOS</b>		
<b>C 017</b>	<b>Capítulo</b>	<b>PINTURAS</b>		
E1150015	Partida	m2	EMPLASTECEMENTO DE PARAMENTOS Emplastecemento de paramentos verticais e horizontais.	1,76
E1150020	Partida	ml	VENDA ELÁSTICA PARA PINTURA Colocación de venda elástica sobre fisuras en muros, despois da preparación de superficies para pintar, i/aplicación de cola.	6,78
E1150025	Partida	m2	VEO FIBRA VIDRO PARA PINTURA Colocación de veo de fibra de vidro para armar lixeiramente a pintura, i/emplastecemento e estendedura de cola en toda a superficie.	9,78
E1150035	Partida	m2	PINTURA AO CAL Pintura ao cal con dúas mans en paramentos verticais e horizontais, a base de auga de cal e pigmentos minerais e, se for o caso, colas naturais tipo caseína ou arábica, sobre revocaduras de cal, xeso, cemento ou ladrillo, despois de limpar a superficie. Aplicarase sobre o revocadura de cal antes de este secar totalmente, en dúas mans, a primeira de percorrido vertical e a segunda de percorrido horizontal, cubrindo totalmente a superficie a tratar, i/protección de pavimentos e medios auxiliares.	1,99
E1150040	Partida	m2	PINTURA AO SILICATO EN EXTERIORES Pintura ao silicato con pigmentos minerais estables á luz, impermeable e transpirable ao vapor de auga, aplicada segundo normas do fabricante, en paramentos horizontais e verticais exteriores en bo estado e secos, cor á escolla pola dirección facultativa, aplicando unha primeira man de fixativo en función da absorción do soporte e dúas mans de pintura ao silicato mediante brocha, rolo ou cepillo, deixando un tempo de secado de 12 horas entre man e man, i/preparación e limpeza de superficies e protección de mobiliario, pavimentos etc. Medios auxiliares e de seguranza, excepto estadas que se miden á parte.	7,97
E1150045	Partida	m2	PINTURA AO SILICATO INT. S/XESO NOVO Pintura en interiores sobre xeso novo, con pintura mineral de dispersión de silicato, a base de pigmentos minerais estables á luz, substancias de recheo minerais, silicato potásico líquido e un máximo do 5% en volume de substancias orgánicas; con man de base diluída en proporción 2:1 en volume e man final diluída en proporción 10:1; aplicada con rolo, cepillo ou pistola. i/preparación e limpeza de superficies e protección de mobiliario e pavimentos.	8,02
E1150050	Partida	m2	PINTURA AO ÓLEO S/REVOCADURA Pintura ao óleo sobre revocadura de cal ou xeso, con 1 man de imprimación, seladora, emplastecemento e afinación, e 2 mans de pintura ao óleo aplicada a cepillo, i/medios auxiliares, pequeno material e probas de color de até 2 m2 de superficie.	9,55
E1150055	Partida	m2	PINTURA TÉMPERA (PICADO BRANCO) Pintura á témpera picado branco en paramentos horizontais e verticais, sobre xeso ou cemento, i/lixadura, aparelaxe, emplastecemento e acabado, aplicado con rolo.	4,10
E1150056	Partida	m2	PINTURA TÉMPERA (LISA COR) Pintura á témpera lisa de cor en paramentos horizontais e verticais dúas mans, sobre xeso ou cemento, i/lixadura, aparelaxe, emplastecemento e acabado.	2,27
E1150060	Partida	m2	PINTURA ACRÍLICA MICROPOROSA Pintura plástica lisa mate en paramentos interiores horizontais e verticais, lavable dúas mans, i/lavado, man de imprimación con plástico diluído, emplastecemento, lixadura e acabado.	6,05

**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**  
**CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009**

<b>Código</b>	<b>Nat</b>	<b>Ud</b>	<b>Resumen</b>	<b>Prezo por partida</b>
E1150065	Partida	m2	PINTURA SILICATO XUNTAS CANTARÍA Pintura ao silicato de xuntas de cantaría que, por estaren realizadas con masa de cemento, son imposibles de sanear sen producir danos na pedra, realizando mostras previas para achegar a cor da xunta ao da pedra, cepilladura e lavado previo da xunta. Medios auxiliares e de seguranza con protección de mobiliario, pavimentos, etc.	9,19
E1150066	Partida	m2	PINTURA ANTIHUMIDADE Pintura impermeable antihumidade, dúas mans aplicadas con rolo, sobre paramentos verticais, de cor branca para interiores.	10,82
E1150067	Partida	m2	PINTURA ANTIMOFO Pintura antimoho a base de látex e substancias activas funxicidas e anticouza, dúas mans, i/imprimación ao 20% con auga e terminación verniz semimate, en paramentos interiores.	11,40
E1150070	Partida	m2	PINTURA ANTICOUZA S/MADEIRA Pintura anticouza de poro aberto, dúas mans sobre madeira, i/lixadura, man de preparación e relixadura.	7,76
E1150085	Partida	m2	PINTURA ACEITE LIÑAZA Pintura ao aceite de liñaza sobre carpintarías exteriores ou interiores, i/lixadura, man de aceite de liñaza de protección (especialmente en madeiras de castiñeiro), man de fondo mesturando a pintura con aceite de liñaza e dúas mans de acabado.	16,09
E1150090	Partida	m2	PINTURA PORO ABERTO LASUR Pintura de poro aberto para exteriores sobre madeiras brandas, medias e duras a base de lasures microporosos con bloqueador de taninos incorporado, aplicada en até tres mans de lasur cor segundo criterio da dirección facultativa sobre imprimación previa a base de lasur incoloro nunha man i/lixadura fina e limpeza previa á aplicación de cada unha das capas. Alta resistencia á intemperie, raios U.V., fungos e azulado da madeira. Totalmente rematado o traballo segundo indicacións do fabricante. Medios auxiliares e de seguranza incluídos. Os traballos de eliminación de pinturas vellas mídense á parte.	8,17
E1150095	Partida	m2	ESMALTE SATINADO S/MADEIRA Pintura ao esmalte satinado sobre carpintaría de madeira, i/lixadura, imprimación, emplastecemento, man de fondo e acabado cunha man de esmalte.	12,30
E1150100	Partida	m2	VERNIZADO MADEIRA INT. SEMIMATE 2 MANS Vernizadura de carpintaría de madeira interior, dúas mans de verniz sintético semimate, unha man de imprimación e lixadura.	8,41
E1150110	Partida	m2	PINTURA ANTIÓXIDO ESTRUTURA METÁLICA Aplicación de pintura antioxidante con pistola sobre estrutura metálica non vista, con limpeza previa de vellas pinturas e óxidos. Dúas mans deixando un intervalo de 24 horas, entre man e man. Medios auxiliares, de protección e de seguranza incluídos. Medindo a cimbra por unha soa cara.	12,49
E1150115	Partida	m2	PINTURA MINIO ELECTROLÍTICO Pintura ao minio electrolítico de chumbo sobre carpintaría metálica, despois de cepilladura con cepillo de pugas de aceiro.	3,99
E1150120	Partida	m2	IMPRIMACIÓN METAL Imprimación anticorrosiva para metais a base de pigmentos de minio de chumbo, despois de raspar o óxido mediante cepillo metálico e de limpar a superficie, aplicado con brocha ou pistola.	1,43
E1150121	Partida	m2	IMPRIMACIÓN " WASH-PRIMER" Imprimación con pintura " Wash-Primer " para soportes galvanizados e metais non ferrosos, logo de limpeza de superficie, aplicado con brocha ou pistola.	3,03

**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**  
**CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009**

<b>Código</b>	<b>Nat</b>	<b>Ud</b>	<b>Resumen</b>	<b>Prezo por partida</b>
E1150125	Partida	m2	ESMALTE PISTOLA CERRALLARÍA Esmalte sintético s/carpintería metálica, reixas ou varanda, mesmo limpeza, man de imprimación e emplastecemento, aparello sintético e dúas mans de esmalte sintético a pistola.	25,33
E1150130	Partida	m2	ESMALTE SATINADO S/METAL Pintura ao esmalte satinado, dúas mans e unha man de minio ou antioxidante sobre carpintería metálica, i/raspadura dos óxidos e limpeza manual.	14,22
E1150135	Partida	m2	PINTURA TIPO FERRO Pintura tipo "ferro" sobre soporte metálico dúas mans e unha man de minio electrolítico, i/raspadura de óxidos e limpeza manual.	16,10